

Tema 12

O Movemento Obreiro

No S. XIX xurdiu en Europa o **movemento obreiro**: un movemento protagonizado polas clases traballadoras na procura da mellora das súas condicións de vida e traballo, da consecución dos plenos dereitos políticos e, ás veces, dunha transformación radical da sociedade nun sentido igualitario.

En **España** o desenvolvemento deste movemento foi algo máis lento polo relativo retraso do seu proceso industrializador e estivo condicionado polas vicisitudes políticas que presidiu a construción do Estado liberal. Así, atopou mellores condicións para desenvolverse naquelas conxunturas nas que as correntes máis avanzadas do liberalismo propiciaron unha apertura democratizadora do réxime (Bienio Progresista, Sexenio Democrático, liberalización do réxime da Restauración propiciada polo acceso ao poder do P. Liberal na segunda metade dos anos 80...).

Primeiros pasos do Movemento obreiro: ludismo e asociacionismo

As profundas desigualdades existentes nalgunhas zonas rurais españolas (Andalucía, Extremadura...) e as mesmas desigualdades que xeraba o proceso industrializador determinaron o desenvolvemento dunha forte conflictividade social tanto no campo como na cidade.

No campo a conflictividade foi maior nas áreas de predominio latifundista, nas que existía un elevado número de obreiros agrícolas sen acceso á propiedade da terra e vivindo nunhas condicións miserables. A conflictividade social tamén se estendeu á cidade, onde as condicións de traballo e de vida non eran moito mellores (baixos salarios, xornadas laborais de 12 ou 14 horas, inexistencia de seguros de enfermidade, amoreamento en barrios insalubres...).

As primeiras manifestacións de protesta obreira, acontecidas nas décadas de 1820 e 1830, dirixíronse contra as máquinas, ás que culpaban da perda de postos de traballo e da redución dos salarios (**ludismo**). O exemplo máis destacado destas accións foi o incendio da fábrica Bonaplata en 1835, a primeira factoría que introducira en España a máquina de vapor. Outro exemplo: o das traballadoras da Fábrica de Tabacos da Coruña.

Pero os traballadores comprenderon moi cedo que o verdadeiro problema non eran as máquinas, senón as condicións de explotación ás que estaban sometidos, e comezaron a desenvolver novas formas

de loita como a paralización da produción mediante a folga e a procura da unidade de acción mediante a creación das primeiras asociacións obreiras. Estas asociacións agrupaban aos traballadores dun mesmo oficio e tiñan funcións reivindicativas e de apoio mutuo (pago de cotas para cubrir as necesidades dos seus asociados en caso de perda do emprego por despido, enfermidade, folga...). A primeira creouse en Barcelona en 1834 (Asociación Mutua de Teceláns) e coñeceron unha grande expansión durante o Bienio Progresista (1854-56). Precisamente nos anos do bienio proliferaron as axitacións políticas por asociacións obreiras que acabarían dando lugar a creación de sindicatos de clase. Agora as reivindicacións xa non serán só laborais senón que tamén incluíranse peticións políticas semellantes ás dos Cartistas en Inglaterra. A volta ao poder dos moderados trouxo consigo a represión do asociacionismo obreiro.

A chegada do Internacionalismo no sexenio (1868-1874)

Até 1868 o movemento obreiro camiñou, politicamente, a remolque das correntes burguesas democráticas (liberalismo radical, Partido Demócrata, primeiros núcleos republicanos), pero a situación mudou coa chegada das ideas internacionalistas despois da Revolución Gloriosa.

En 1864 fundárase en Londres, coa participación de obreiros e personalidades procedentes de distintos países, a Iª Internacional ou Asociación Internacional de Traballadores (AIT). Os principios que presidiran a súa creación foron o da solidariedade obreira internacional (“proletarios do mundo, unídevos”) e o da autonomía da loita dos traballadores para acadar a súa liberación de clase mediante a creación de partidos e sindicatos obreiros. Na mesma conviviran dúas correntes opostas: a anarquista (Bakunin) e a socialista (Marx)

En España, as ideas internacionalistas foron introducidas por **Giuseppe Fanelli**, un anarquista colaborador de Bakunin, que se reuniu con grupos de traballadores en Madrid e Barcelona e difundiu entre eles os principios anarquistas (colectivismo, apoliticismo, supresión do Estado...). A partir destes núcleos xurdiu a **Federación Rexional Española da AIT** (fundada no Congreso Obreiro de Barcelona., 1870), de predominio anarquista e que desenvolvería unha intensa actividade insurreccional durante o Sexenio Democrático (revoltas contra as "quintas" e os "consumos", participación na insurrección cantonalista...).

Pouco despois, a chegada de **Paul Lafargue**, xenro de Marx, difundiu entre os internacionalistas madrileños as posicións marxistas (que defendían a necesidade da conquista do poder estatal por parte da clase obreira) e propiciou a creación do primeiro núcleo socialista español ao redor da figura de Pablo Iglesias e do xornal La Emancipación, Este grupo, en minoría no seo da sección española da AIT, non tardaría en ser expulsado da mesma.

En 1874, coa chegada da Restauración, a federación española da AIT foi declarada ilegal e as súas actividades perseguidas. Pero estaban creados os xermos da posterior evolución das ideas anarquistas e socialistas en España.

Os anarquistas: a C.N.T.

Nas décadas seguintes anarquistas e socialistas continuaron marchando por separado. En canto aos **anarquistas**, en 1881 a FRE pasou a chamarse **Federación de Traballadores da Rexión Española** para se adaptar á legalidade vixente (que prohibía as organizacións de carácter internacional), adquirindo unha influencia crecente en Cataluña e Andalucía.

Entre os anarquistas foron xurdindo diferenzas entre dúas correntes:

-os partidarios da acción sindical de masas, que vían no recurso á folga e á mobilización obreira o medio fundamental para acadar os seus fins de construción dunha sociedade igualitaria, este anarquismo colectivista e anti-autoritario cría no apoio mutuo e na educación como armas para igualar a sociedade.

-os partidarios da acción directa ou propaganda polo feito os cales protagonizaron atentados contra personaxes e institucións representativos da clase dominante, o Estado e a Igrexa. Algúns destes atentados, como os sufridos polo xeneral Martínez Campos, Cánovas ou o atentado do Liceo (que provocou vinte mortos nese lugar privilexiado de encontro social da burguesía barcelonesa) era unha vinganza pola execución, as máis das veces sen probas, de militantes anarquistas. Estes actos de violencia - é o caso da Mano Negra andaluza, sociedade secreta a que se acusou de planear o exterminio dos terratenentes- desataron unha feroz represión por parte do Estado contra o conxunto dos militantes anarquistas.



En 1907 os partidarios da acción de masas promoveron a creación da Solidariedade Obreira, antecedente directo do grande sindicato anarquista da **Confederación Nacional do Traballo** (CNT, fundada en 1910). Dotada dunha estrutura federal, a CNT reivindicaba o "apoliticismo" e o papel da folga xeral ("unha folga non debe declararse para ter un pouco máis de xornal, senón para lograr unha transformación total") como principal instrumento revolucionario. Entre os seus líderes estaban Salvador Seguí ("el noi del sucre", asasinado nos tempos do pistoleirismo barcelonés) e Angel Pestaña. Converteríase na principal organización obreira española antes da Guerra Civil chegando a ter un millón de afiliados. O grupo máis activo entre os anarquistas partidarios da acción directa será a F.A.I. (Federación Anarquista Ibérica)



Pablo Iglesias,
fundador do PSOE

Os socialistas: O P.S.O.E. e a U.X.T.

Pola súa parte, o núcleo socialista madrileño organizado en torno a Pablo Iglesias fundou en 1879 o **Partido Socialista Obreiro Español** (PSOE), unha organización de inspiración marxista que aspiraba á conquista do poder pola clase traballadora e que se adheriría á II Internacional, integrada por partidos afíns ideoloxicamente. En 1888 -ao amparo da "Lei de Asociacións" promovida polo goberno liberal un ano antes- os socialistas crearon a **Unión Xeral de Traballadores** (UXT), un sindicato de masas que chegaría a ter unha influencia importante en Madrid, Asturias e o País Vasco, e que defendía a negociación colectiva entre obreiros e patróns e o recurso á folga para facer valer os intereses dos traballadores.

Doc.: Fragmento do programa do Partido Socialista Obreiro Español (1879)

“Considerando: Que esta sociedade é inxusta porque divide aos seus membros en dúas clases desiguais e antagónicas: unha, a burguesía, que, posuíndo os instrumentos de traballo, é a clase dominante; outra, o proletariado, que, non posuíndo máis que a súa forza vital, é a clase dominada.

Que os privilexios da burguesía están garantidos polo poder político, do cal válese para dominar ao proletariado. (...)

Que a necesidade, a razón e a xustiza esixen que a desigualdade e o antagonismo entre unha clase e outra clase desaparezan, reformando ou destruindo o estado social que os produce.

Considerando todo isto, o Partido Socialista declara que ten por aspiración:

1º: A posesión do poder político pola clase traballadora.

2º: A transformación da propiedade individual ou corporativa dos instrumentos de traballo en propiedade colectiva, social ou común. (...)

En suma: o ideal do Partido Socialista Obreiro é a completa emancipación da clase traballadora; é dicir, a abolición de todas as clases sociais e a súa conversión nunha soa de traballadores libres e iguais (...)

Paulatinamente, o socialismo español cambiará cara posturas moderadas que combinaban a participación en folgas xerais e os obxectivos finais igualitarios coa busca de melloras graduais para os traballadores no marco do sistema. En 1910, en coalición cos republicanos, obtivo a súa primeira acta de deputado para Pablo Iglesias. En 1921 un grupo de dirixentes e militantes do PSOE e da UXT separáronse para fundar o **Partido Comunista de España** (PCE), seguindo o modelo dos bolxeviques rusos triunfantes na Revolución soviética de 1917. Sería moi minoritario até os tempos da Guerra Civil.



Imaxes : WikiComkons (Dominio Público)